

## Bendí a nosa familia

**Deus, noso Pai,**  
bendí a nosa familia  
co don da fe, do amor e da ledicia.

### Fai da nosa casa un fogar cálido e acolledor.

Dános luz para iluminar os nosos problemas.  
Dános un corazón forte  
para afrontar as angustias e as penas.  
Dános un sorriso grande para vivir con ledicia.  
Dános unhas mans xenerosas  
para colaborar cos demais.

### Pai bo, bendí a todas as familias do mundo

para que imitando a Xesús, María e Xosé,  
a familia de Nazaré  
colaboremos na construción  
dun mundo máis xusto, humano e fraterno. Amén.



**1 de xaneiro: ORACIÓN Á NAI DE DEUS**  
A Ti, Santa María, Nai e Virxe, consagramos este  
ano 2020 que comeza.

A Ti, Santa María, Nai de Deus, elevamos a nosa  
oración sincera e a nosa pregaría confiada  
para que, Ti, como Nai que nos coñeces e  
queres, nos coides e rogues por nós ante Deus a  
quen esperamos e desexamos abrazar no ceo.



**Evanxeo**  
**29-decembro-2019**  
**Sgda. Familia**



**Día da FAMILIA:**  
**Na TENRURA encóntrase a DEUS.**

# Nadal 19-20

## • ECLESIAÍSTICO 3, 2-6.12-14: *Quen teme o Señor honrará a seus pais.*

O Señor honra máis o pai que os fillos e afirma o dereito da nai sobre eles. **Quen honra a seu pai expía os seus pecados, e quen respecta a súa nai é como quen acumula tesouros.** Quen honra a seu pai alegrarase dos seus fillos e **cando rece, será escoitado.** Quen respecta a seu pai terá longa vida, e quen honra a súa nai obedece o Señor. **Fillo, coida do teu pai na súa vellez** e durante a súa vida non lle causes tristeza. Aínda que perda e uízo, **sé indulxente con el** e non o despreces aínda estando ti en peno vigor. Porque a **compaixón cara ao pai** non será esquecida e servirache para reparar os teus pecados. *Palabra do Señor.*

## • SAL. 127: *Ditosos os que temen o Señor e seguen os seus caminos.*

## • COLOSENSES 3, 12-21: *A vida de familia vivida no Señor.*

## • MATEO 2, 13-15. 19-23: *Toma o neno e a súa nai e foxe a Exipto.*

**Narrador:** Cando se retiraron os magos, o anxo do Señor apareceu en soños a Xosé e díxolle:


**Anxo:** «Levántate, toma o neno e a súa nai e fuxe a Exipto; quédate alí ata que eu che avise, porque Herodes vai buscar o neno para matalo».

**Narrador:** Xosé ergueuse, tomou o neno e a súa nai, de noite, e alá se foi a Exipto e quedou alí ata a morte de Herodes para que se cumprise o que dixo o Señor por medio do profeta: «*De Exipto chamei o meu fillo*». Cando morreu Herodes, o anxo do Señor apareceu de novo en soños a Xosé en Exipto e díxolle:

**Anxo:** «Érguete, colle o neno e a súa nai e volve á terra de Israel, porque morreron os que atentaban contra a vida do neno».

**Narrador:** Ergueuse, tomou ao neno e á súa nai e volveu á terra de Israel. Pero ao decatarse de que Arquelao reinaba en Xudea como sucesor do seu pai Herodes tivo medo de ir alá. E avisado en soños retirouse a Galilea e estableceu nunha cidade chamada Nazaré. Así se cumpriu o dito por medio dos profetas, que se chamaría nazareno. *Palabra do Señor.*

(Narrador-Anxo)



La ternura no es la virtud de los débiles, sino más bien todo lo contrario: denota fortaleza de ánimo y capacidad de atención, de compasión, de verdadera apertura al otro, de amor

(Papa Francisco)



## Día da FAMILIA:

### Na TENRURA encóntrase a DEUS.

#### 1. VER: A familia, o máis importante

-En Nadal **pasamos máis tempo na casa**, gozamos da familia, estreitamos lazos.

-Hai realidades que valoramos moito: **a familia é o máis importante para nós.**

-**Facemos e comentamos a árbore xenealóxica** da nosa familia: abaixo o noso nome, por encima, irmáns, os papás, etc. E un álbum cos momentos máis importantes.

*Por que é importante a familia? Que recibes da túa familia? Que lle achegas ti?*

#### 2. XULGAR: Na tenrura encóntrase a Deus.

-No evanxeo deste domingo fálanos da **familia de Nazaré**, a de Xesús, Xosé e María. Unha familia con moito amor pero con grandes problemas: tivo que afrontar o nacemento de Xesús nun presebe e a fuxida a Exipto. O anxo avisa a Xosé: **“érguete, colle o neno e a súa nai e fuxe a Exipto”**. Logo se estableceron en Nazaré.

#### QUE NOS QUERE DICIR?

-A familia de Nazaré é para nós exemplo de amor: **\*Valoremos na familia o amor incondicional que recibimos e damos, o servizo, a xenerosidade, a escoita... Deamos grazas hoxe polo que temos na casa, por ternos sentido amados gratuíta e incondicionalmente, porque nos escoitamos e perdoámonos.**

-A familia de Nazaré é para nós exemplo de tenrura: no debuxo de Fano aparece María descansando, Xosé coidando o Neno, todos riseiros, non faltan detalles de tenrura, de colaboración... Na penumbra os reis, ao ver unha escena tan tenra descubren que aí estaba o salvador. **\*Valoremos a tenrura nas nosas palabras, nos nosos xestos, colaborando e facendo que todos se sintan máis apreciados.** E onde haxa xestos de tenrura, de misericordia cos pobres ou necesitados, descubramos que aí anda Deus.

-A familia de Nazaré é para nós exemplo de fe e de valores: **\*Valoremos o coidar o diálogo, o perdón, o respecto... Ensinémoslos a rezar, eduquémoslos na fe...**

*Que podemos mellorar na nosa familia? Como andades de tenrura e colaboración?*

#### 3. ACTUAR: Ama e coida a túa familia

-Celebramos xuntos o día da familia o domingo. -Facemos algún cartel. -Vemos como orar nalgún momento do día en familia e dicimos como coidada.

-Non esquecemos na familia a fe, orar xuntos, ir ao templo, as cousas do Pai.

-Facemos algunha celebración en torno ao Belén. -Tratamos de mellorar en respecto, igualdade, tenrura.

-Podemos colocar debaixo do altar unha casíña do belén que nos recorde ás nosas familias, as figuras de Xesús Xosé e María ou unha icona da Sagrada Familia.

-Facemos unha súplica polas familias en paro, problemas... -Lemos a carta do Papa Francisco “Un signo admirable” sobre o misterio de Belén.

*Que ides facer?*